

1. A República

No ano 509 a.C., o pobo romano rebelouse contra o rei Tarquino o Soberbio. Este, ao non lograr sufocar a rebelión encabezada por Colatino e por Xunio Bruto, fuxiu da cidade. Tras esta fuxida, os romanos non elixiron outro monarca. Fartos dos abusos cometidos polos reis, evitaron centralizar o poder. Por ese motivo puxeron á fronte de Roma a Colatino e ao seu primo Xunio Bruto, os líderes da revolta.

Con esta decisión púxose fin á Monarquía, e deuse comezo á República, que perdurará dende o ano 509 ata o 30 a.C., momento no que Octavio quedou só no poder. Uns anos despois, no 27 a.C., recibiu do senado os títulos de **princeps*** e **augustus***.

Este longo período de máis de catro séculos resultou fundamental para a historia de Roma. Nel, a pequena cidade do Lacio apoderouse primeiro desta rexión, e, despois, estendeu os seus dominios dentro e fóra da Península Itálica, con numerosas conquistas que constituíron a base do seu grande imperio.

Non obstante, os logros da súa política exterior non sempre atoparon correspondencia na política interior. De feito, as guerra civís agravaron as tensións que, co tempo, acabarían con este sistema de goberno.

Posto que enumerar todos os acontecementos externos e internos acaecidos ao longo de tantos anos constitúe unha tarefa practicamente imposible, na presente Unidade limitáremos a estudar as institucións existentes na República, auténticos ámbitos de poder, e a referir os feitos máis representativos da súa política exterior e interior. Así, farémonos unha idea de como se gobernou na República, e de que aconteceu baixo este sistema de goberno.

1.1. Institucións da República

Ao desaparecer o poder persoal propio da Monarquía, este quedou repartido entre as persoas que desempeñaron os distintos cargos creados nesta época, as **maxistraturas**, e as que participaron nas institucións existentes, algunhas xa xurdidas durante a Monarquía. Pode dicirse que o novo sistema dividiu o poder entre o **senado**, as **maxistraturas**, e as **assembleas** populares (**comitia***) nun intento de equilibrar a influencia da clase dominante e do pobo, como quedou reflectido na célebre e repetida fórmula: **Senātus Populusque Romānus**, o *Senado e o Pobo Romano*, que adoita coñecerse polas abreviaturas **SPQR**.

- **Senado**

Pode considerarse a institución romana por excelencia, pois, creada polo primeiro rei de Roma, o lendario Rómulo, mantívose durante a República e mesmo perdurou no Imperio. Non obstante, a súa composición e o papel desempeñado variaron a través do tempo.

Convén recordar que os primeiros senadores, chamados **patres***, foron cen homes elixidos por Rómulo entre os primitivos poboadores de Roma. Coa súa elección o monarca quixo rodearse de persoas capaces de aconsellalo, de asesoralo e, chegado o momento, de elixir o seu sucesor.

O único cambio que experimentou durante a época monárquica afectou á súa composición, e realizouno Tarquino Prisco que duplicou o número de senadores, que chegou así ata os douscentos.

Co comezo da República, o panorama cambiou radicalmente: o senado pasou a desempeñar un papel protagonista no novo sistema de goberno, converténdose no seu pilar fundamental.

Este cambio debeuse a diversos motivos. Por unha parte, o senado representou a estabilidade do poder, xa que os senadores desempeñaban este cargo durante moito tempo. Por outro lado, as súas competencias incrementáronse, preocupouse dos asuntos que afectaban á relixión, velou pola facenda pública en colaboración cos cuestores, maxistrados que tiñan esta misión; pero, sobre todo, tivo potestade para declarar a guerra, establecer as condicións da paz, designar e recibir aos embaixadores, e nomear os gobernadores das provincias. Nunha palabra, controlou todo o referente á política exterior, aspecto fundamental nunha época de expansión como a que nos ocupa.

Por se fose pouco o anterior, gozou de capacidade para legislar xa que, coas súas decisións, **senātus consultus***, adoptou medidas excepcionais que garantiron a seguridade de Roma.

Quizais a grande importancia alcanzada nesta época fixo que o número de senadores aumentase, flutuando entre os trescentos dos primeiros anos ata os novecentos dos tempos de Xulio César, xa case ao final da época republicana. Non obstante, normalmente formaron parte del seiscentos senadores.

O protagonismo da institución reflectiuse tamén nos privilexios concedidos aos seus membros. Así, os senadores podían vestir a **toga praetexta***, reberetada de púrpura, ao asistir aos espectáculos dende os lugares reservados para eles. Ben é verdade que a cambio destas concesións tamén tiñan obrigas, pois nin eles nin os seus fillos podían dedicarse a actividades industriais ou comerciais.

Esta etapa de esplendor viuse freada coa chegada do Imperio, coa volta ao poder persoal do emperador. O senado foi perdendo todas as súas competencias, e, coas súas funcións moi recortadas, limitouse a pervivir, quizais só para dar a aparencia de que nada cambiara, e tranquilizar así aos romanos, que sentían aversión cara a calquera forma de poder que lles recordase o da época monárquica.

- **As maxistraturas**

Constituíron outro dos piares sobre os que se sustentou a República. Estas maxistraturas representaron os cargos correspondentes ás distintas tarefas de goberno, que ata ese momento foran exercidas polo rei que as centralizaba na súa persoa.

Por este motivo, os romanos crearon diversas maxistraturas, unhas ordinarias e outras extraordinarias. Ademais, para evitar os abusos anteriores regulamentaron todo o referente á vida política, de modo que o desempeño dun cargo esixía o cumprimento das normas e obrigas que este levaba consigo.

Debido á citada regulación, os que optaban por dedicarse á política non podían facelo dende calquera posto, pois estableceuse unha especie de carreira política, **cursus honōrum**, que obrigaba a comezar por un determinado cargo para poder acceder, despois de transcorrer tres anos, ao inmediatamente superior.

Explicaremos que funcións correspondían ás distintas maxistraturas, ordinarias e extraordinarias, e que requisitos se esixían para acceder a elas. Comezaremos polas catro incluídas no **cursus honōrum**, que conformaban o poder executivo. Son as seguintes:

- **CUESTURA.** Constituíu o primeiro chanzo do **cursus honōrum**. As súas funcións consistían en recadar os impostos, e levar as contas do Estado, nunha palabra, en velar pola facenda pública. Este labor estivo realizado até por corenta cuestores que tiñan que ter cumpridos os vinte e oito anos.
- **EDILIDADE.** Esta maxistratura, situada no chanzo inmediatamente superior á cuestura, dedicábase, ao igual que na actualidade, aos asuntos que afectaban a administración municipal. En principio, houbo dous edís; coa posterior chegada dos dous edís da plebe, o seu número aumentou ata catro. Ningún deles podía ter menos de trinta e un anos.
- **PRETURA.** Constituíu o terceiro chanzo do **cursus honōrum**. Ocupábase de todo o relacionado coa xustiza, e asumía o máximo poder en ausencia dos cónsules. En principio, desempeñaron este labor dous pretores, máis tarde, oito. Todos debían ter cumpridos os trinta e catro anos.
- **CONSULADO.** Representou a máxima maxistratura da República. Por este motivo, os dous cónsules que a desempeñaban ostentaban o poder supremo, tanto civil como militar. Iso si, non podían ter menos de trinta e sete anos.

Ademais das maxistraturas citadas que constitúen o **cursus honōrum**, houbo outras dúas que, aínda que tamén ordinarias, tiveron un carácter especial:

- **CENSURA.** Centralizaba a elaboración do censo. Os censores elixíanse cada cinco anos entre os ex cónsules e ex pretores. A duración do cargo estableceuse en dezaioito meses.

- TRIBUNADO DA PLEBE. Encargábase dos asuntos que afectaban os plebeos. Esta maxistratura que nun principio non existía creouse para satisfacer as demandas destes ante os patricios. Os tribunos da plebe, dous en principio, e máis tarde dez, debían ter trinta e catro anos, e, ademais, ser plebeos. Tiñan dereito de veto, é dicir, podían opoñerse ás decisións tomadas por outros maxistrados.

Todas as maxistraturas ordinarias, incluídas ou non no **cursus honōrum**, presentaban unhas características comúns encamiñadas, unha vez máis, a evitar os abusos de poder tan frecuentes na Monarquía:

- Anualidade. Salvo a censura, todas as maxistraturas tiñan unha duración dun ano.
- Colexialidade. Debían ser exercidas polo menos por dúas persoas.
- Gratuidade. Os que desempeñaban eses cargos non recibían ningunha remuneración.

Xunto ás maxistraturas ordinarias que acabamos de enumerar, existiron dúas extraordinarias que só tiveron vixencia en épocas especialmente difíciles:

- DITADURA. Estaba desempeñada por un ditador que asumía o poder supremo en momentos de gran conflitividade. Este, elixido polos cónsules a instancias do senado, centralizaba nel todos os poderes durante un período non superior a seis meses. Pode comprobarse que a palabra ditador carecía entón do significado pexorativo que ten na actualidade.
- XEFATURA DA CABALARÍA. É desempeñada polo **magister equitum**, que, nomeado polo ditador, permanecía no cargo o mesmo tempo que este, é dicir, non máis de seis meses. A súa función consistía en axudar a quen o elixira.


- **As Asembleas**

O terceiro pilar sobre o que se asentou a República, as Asembleas ou **comitia***, reflectiu o poder do pobo, aínda que só fose o das clases máis altas, que puido así participar nas decisións políticas xunto á aristocracia representada no senado. Houbo tres tipos de asembleas:

- ❖ POR CURIAS (**comitia curiāta**). Estes comicios gozaron de grande importancia durante a Monarquía, xa que elixían aos encargados de xulgar os crimes políticos. Durante a República, perderon protagonismo, aínda que se mantiveron con carácter simbólico.
- ❖ POR CENTURIAS (**comitia centuriāta**). A súa orixe remontábase á época de Servio Tulio. Non obstante, alcanzaron a súa maior relevancia en época republicana ao elixir aos maxistrados máis importantes: censores, pretores e cónsules, e ao votar a aprobación dalgunhas leis.
- ❖ POR TRIBOS (**comitia tribūta**). Ao igual que os comicios centuriados, xurdiron en tempos de Servio Tulio. Neles estaban representados os plebeos, polo que cobraron

maior protagonismo, conforme o conseguiron aqueles. Elixían aos cuestores e aos edís, e xulgaban en procesos que levaban consigo penas inferiores.

No seguinte esquema apréciase claramente a organización política da República.



1.2. Política exterior de Roma

Apoiada nos tres piares citados anteriormente, a República mantívose firme durante moito tempo. Segundo dixemos, este período de case cincocentos anos resultou fundamental para a política exterior de Roma, xa que nel se fraguou o seu imperio ao dominar primeiro a rexión do Lacio, despois a Península Itálica, e, por último, os territorios situados fóra dela.

A continuación, resumiremos os feitos máis destacados que contribuíron a crear o Imperio romano ao longo de todos estes anos.

- **Dominio do Lacio**

Durante os anos comprendidos entre o 509 e o 358 a.C., o pobo romano, vencido polos galos na batalla de Alia (387 a.C.), viu como estes destruían practicamente Roma, a excepción do Capitolio. Ademais, sufriu os ataques dos pobos itálicos. As sucesivas loitas contra os etruscos e o seu rei Porsena, contra os volscos, os sabinos e os ecuos, saldáronse co sometemento de todos eles, o que lle permitiu a Roma apoderarse da rexión do Lacio.

- **Dominio da Península Itálica**

Tras uns anos de certa tranquilidade, Roma fixouse un novo obxectivo, apoderarse da Península Itálica. Para levar a cabo esta empresa viuse inmersa unha vez máis nun período de loitas que se estendeu dende o 343 até o 272 a.C.

Durante máis de cincuenta anos, dende o 343 até o 290 a.C., os romanos enfrontáronse en tres guerras sucesivas aos samnitas. Na segunda delas sufriron unha severa derrota nas Forcas Caudinas. Non obstante, Pontius, o xefe samnita, alleo aos consellos do seu pai de

acabar cos inimigos, contén-
touse con humillalos facendo
que, ao retirarse, pasasen
baixo o xugo, que consistía
nunha lanza horizontal suxei-
ta sobre outras dúas verticais,
o que deu lugar á expresión
"pasar polas Forcas Caudi-
nas" como sinónimo de verse
obrigado a aceptar unhas
condicións humillantes. Esta
decisión custoulle cara ao seu
pobo, xa que na terceira
guerra, Roma venceu e
recibiu a submisión dos
samnitas.

Esta vitoria animou aos
romanos a avanzar cara ao
sur, pero no seu avance

chocaron moi pronto coas colonias da Magna Grecia, que ocupaban o sur da Península Itálica e Sicilia. Así, no ano 282 a.C., Tarento, que promovera case todas as alianzas contra Roma, temeu ser atacada por esta. Por iso, cando, rompendo o tratado existente, as naves romanas se achegaron á cidade, Tarento viuse obrigada a atacalas. Os romanos non lograron evitar a guerra. Tampouco Pirro, rei do Epiro, que acudiu en axuda dos tarentinos.

Así pois, ambos os dous pobos enfrontáronse en Heraclea. Alí os romanos sufriron unha espectacular derrota; non obstante, o bando gañador, mandado por Pirro, tivo tamén múltiples baixas, ao igual que lle acontecería máis tarde na batalla de Ausculum. Estas vitorias tan sanguentas deron lugar a unha expresión que se conservou na nosa lingua: obter unha vitoria pírrica.

Finalmente, Tarento caeu en mans de Roma, que, no ano 272 a.C., se converteu practicamente na dona da Península Itálica. Ademais, cos tarentinos sometidos, alcanzou un lugar destacado no comercio do Mediterráneo.

Os romanos fixéronse xa en Sicilia. Estábase a preparar o asalto á conquista do Mediterráneo occidental. Dise que o propio Pirro, ao regresar a Grecia, dixo: *Fermoso campo de batalla deixamos aos romanos e aos cartaxineses.*


- **Conquista do Mediterráneo occidental**

Unha vez donos da Península Itálica, os romanos lanzáronse á conquista da cunca occidental do Mediterráneo. Non obstante, a empresa resultou moi difícil, porque outro pobo, Cartago,



Conquista da Península Itálica

perseguía o mesmo obxectivo. A mellor proba desta dificultade radica nos máis de cen anos de loitas, pois, con algúns períodos de paz, ambas as dúas potencias prolongaron os seus enfrontamentos dende o ano 264 até o 146 a.C.



PRIMEIRA GUERRA PÚNICA. O primeiro enfrontamento entre Roma e Cartago estivo motivado porque os mamertinos, uns ex mercenarios que se apoderaran de Mesina, sufriron o ataque dos cartaxineses, e pediron axuda aos romanos.

Roma era consciente de que axudalos significaba declarar a guerra a Cartago, que posuía unha frota moi poderosa e grandes riquezas. Tamén sabía que non o facer suporía, co tempo, unha ameaza para a Península Itálica, pois Cartago, tras apoderarse de toda Sicilia, podería pasar moi doadamente á península. Calquera decisión resultaba tan comprometida que o senado a deixou en mans da Asemblea popular. Esta optou por axudar aos mamertinos, e confiou a operación a Apio Claudio, que atravesou o bloqueo dos cartaxineses e entrou en Mesina.

Tras algunhas vitorias, os romanos comprenderon que para derrotar os cartaxineses precisaban unha boa frota. Aprestáronse a construíla tomando como modelo unha **quinquerreme*** cartaxinesa que naufragara. Rematadas as embarcacións, puxeron á fronte destas a Caio Duilio, que, sabedor das limitacións que tiña, fixo que se colocasen nelas unhas pontes móbiles, cuns ganchos, chamados popularmente corvos, para que aprisionasen as naves inimigas que se achegasen. Unha vez aprisionadas, os soldados romanos abordábanas polas pontes móbiles, e sostiñan a loita corpo a corpo.

Deste modo no ano 260 a.C. Roma obtivo unha importante vitoria en Mylae. Tras ela, continuaron as loitas, sobre todo en Sicilia, até que os romanos decidiron construír unha nova

frota que, baixo o mando do cónsul Caio Lutecio Cátulo, no ano 241, afrontou a batalla definitiva nas illas Égades, na antigüidade **Aegātes insŭlae**.

Tras a derrota, Cartago renunciou a Sicilia, que se converteu en provincia romana. Así finalizou a Primeira Guerra Púnica, e preparouse a Segunda.

SEGUNDA GUERRA PÚNICA. En certo modo, foi consecuencia lóxica da Primeira. Cartago tivo que compensar a perda de Sicilia, e para iso elixiu Hispania na que xa tiña algunhas colonias, sobre todo, Carthago Nova. Roma, desexosa de estenderse cara ao oeste, fixo o mesmo.

En principio, ambas as dúas potencias asinaron un tratado polo que os romanos non podían atravesar o Ebro, admitindo que todo o que quedaba ao sur deste río pertencía aos cartaxineses. Non obstante, Roma renovou un pacto que tiña coa cidade de Sagunto, situada na zona de influencia cartaxinesa. Cando no ano 219 a.C., Aníbal asediou esta cidade, os romanos avisáronlle das posibles consecuencias. Este non fixo caso, e, no outono dese mesmo ano, tras oito meses de asedio, tomou Sagunto. Aínda que formalmente a Segunda Guerra Púnica comezou uns meses despois, na primavera do 218 a.C., pode considerarse que a toma de Sagunto significou o seu comezo.

Nese mesmo ano, Aníbal, axudado polos galos, atravesou os Pireneos, chegou ata os Alpes, que conseguiu cruzar, e venceu aos romanos en Tesino e Trebia. No 217 a.C., repetiu vitoria en Trasimeno, e un ano despois, en Cannas.

Tras estes triunfos, Aníbal acudiu en axuda de Capua asediada polo exército romano, pero só permaneceu alí os días necesarios para que se levantase o sitio. Despois, dirixiuse cara a Roma, aínda que sen entrar nela. Limitouse a quedar preto da cidade, e a retirarse tras algúns días de escaramuzas.

Estas actuacións resultaron nefastas para os intereses de Aníbal, pois Capua, ao ver que non recibía a súa axuda, entregouse aos romanos.

A actitude desta cidade foi seguida por outros aliados dos cartaxineses que decidiron abandonalos, e establecer novos pactos cos romanos. Paralelamente, Roma enviou tropas a África, motivo polo que, no ano 204 a.C., Cartago pediu a Aníbal que regresase para defender a cidade. Este viuse obrigado a abandonar a Península Itálica, e a dirixirse á súa patria.

No 202 a.C., enfrontouse aos romanos en Zama, e alí sufriu a súa primeira derrota a mans do xeneral romano Publio Cornelio Escipión, alcumado por isto o Africano. Os cartaxineses víronse obrigados a capitular. Aceptaron un novo tratado de paz pero con condicións moito máis duras que o anterior, pois debían renunciar ás posesións de Hispania, e non podían declarar a guerra a ninguén sen o permiso de Roma. A Segunda Guerra Púnica rematara.

TERCEIRA GUERRA PÚNICA. A pesar da nova vitoria, os romanos xa non se sentían tranquilos, pois temían unha recuperación da floreciente cidade. Así, empezou a calar entre eles esta idea: **delēnda est Carthago**, *Cartago debe ser destruída*. Só lles faltaba un pretexto

para levála a cabo, e atopárono cando no ano 150 a.C. os cartaxineses incumpriron o tratado de paz co que finalizou a Segunda Guerra Púnica, e, sen o preceptivo permiso de Roma, declararon a guerra a Masinisa, rei dos númidas.

Os romanos, amparándose na ruptura do tratado, declararon a guerra a Cartago. Esta aceptou as condicións de paz de Roma, pero non admitiu que a cidade fose destruída. Os cartaxineses fixéronse fortes en Cartago, que foi asediada. No ano 147 a.C., chegou a África Publio Cornelio Escipión, neto adoptivo do Africano, que, un ano máis tarde, no 146 a.C., tomou e destruíu Cartago.

Por fin, tras máis dun século de loitas, os romanos convertéronse nos únicos donos do Mediterráneo occidental.

- **Conquista do Mediterráneo oriental**

Tras a Segunda Guerra Púnica, os romanos, non contentos con conquistar a cunca occidental do Mediterráneo, dirixiron os seus intereses cara a Oriente. Aliáronse coas cidades de Pérgamo, Rodas e Atenas para ir contra Filipo de Macedonia na denominada Segunda Guerra Macedónica que durou tres anos, do 200 ao 197 a.C. Os romanos obtiveron a vitoria final en Cinocéfalos.



Posteriormente, no ano 171 a.C., comezou a Terceira Guerra Macedónica na que os romanos saíron de novo vencedores ao gañar na decisiva batalla de Pidna (168 a.C.). Macedonia converteuse así en provincia romana. En anos sucesivos, correron a mesma sorte Pérgamo, Bitinia, Siria, Cilicia, o Ponto, Xudea e as illas de Chipre e de Creta.

1.3. Política interior de Roma

Todos os acontecementos explicados anteriormente perseguían a expansión de Roma: polo Lacio, pola Península Itálica, polo Mediterráneo occidental e polo oriental. Non obstante, durante a República tamén aconteceron outros avatares dentro da propia cidade que se consideran claves para entender a historia deste período. Posto que resulta imposible referir todo o que sucedeu en Roma, fixarémonos só nos feitos máis destacados ao igual que fixemos ao tratar a política exterior.

- **Loita de clases entre patricios e plebeos durante o dominio do Lacio e da Península Itálica (494 ao 287 a.C.)**

Convén recordar que durante a Monarquía dentro da sociedade romana atopábanse xa estas dúas clases sociais: os patricios e os plebeos. Os primeiros trataron de defender os seus privilexios fronte aos segundos, que loitaron sempre por alcanzar a igualdade cos patricios.

A desaparición da Monarquía, auténtico freo para uns e outros, e a chegada dun novo sistema de goberno que concedeu unha posición privilexiada aos patricios, os únicos que podían acceder ao senado e ás maxistraturas, é dicir, aos ámbitos do poder, foron xa razóns suficientes para converter dende un principio á República no escenario ideal para os duros enfrontamentos entre ambas as dúas clases sociais.

Non obstante, outras dúas circunstancias, a escaseza de terras para os plebeos e o seu crecente endebedamento, contribuíron a precipitar os acontecementos. Por iso, aínda que loitaron todos xuntos contra os etruscos, os volscos, os sabinos e os ecuos para apoderárense do Lacio, no ano 494 a.C., nun momento de certa calma, os plebeos, fartos de pedir sen éxito unha serie de melloras, aproveitando a conxuntura favorable, retiráronse ao Monte Sacro, a poucos quilómetros de Roma.

Na cidade estendeuse un clima de medo favorecido polas tensións do momento. Os patricios, pensando que os plebeos poderían erixirse nun estado á parte, e temendo perder a guerra ante os inimigos externos, preferiron aceptar algunha das peticións plebeas. Así, creáronse os tribunos da plebe, que, axudados polos edís da plebe, velarían polos intereses desta clase ante os posibles abusos dos patricios.

A partir dese momento, apoiados polos seus propios maxistrados, os plebeos seguiron loitando por ter os mesmos dereitos que os patricios. Pouco a pouco, conseguírono: de feito, puideron acceder a todas as maxistraturas, e mesmo ao senado.

Outra das súas pretensións, ter leis escritas para evitar as arbitrariedades dos patricios, viuse atendida cando se elaborou a Lei das XII Táboas.

Con todos estes logros chegouse a certo equilibrio entre patricios e plebeos, polo que no ano 287 a.C. púxose fin a estas loitas sociais.

- **Loitas sociais tras as Guerras Púnicas e durante a expansión por Oriente (séculos II e I a.C.)**

Non obstante, esta paz volveu romper. A continua expansión de Roma por occidente e por oriente, fixo que rompese o precario equilibrio interno conseguido no século III a.C.

Aínda que as diferenzas entre patricios e plebeos quedaron esvaecidas, estas establecéronse agora entre ricos e pobres que constituíron por dicilo así as novas clases sociais. O continuo enriquecemento dos máis poderosos grazas ás numerosas conquistas, a aparición de grandes latifundios, a ruína dos campesiños que vían caer o prezo do trigo que cultivaban con tanto esforzo, e o crecente endebedamento dos máis desfavorecidos, abriron outra vez un abismo entre as novas clases sociais citadas.

Grazas á entrada na escena política dos irmáns Tiberio e Caio Graco, a situación descrita dulcificouse un pouco, pois ambos os dous abordaron o problema dos campesiños. Tiberio conseguiu que se aprobase unha lei agraria pola que o **ager públicus**, é dicir, as terras do Estado, debía distribuírse entre os máis necesitados.

Pola súa banda, Caio Graco fixo o mesmo coa lei frumentaria que establecía a distribución do trigo entre o pobo. Ademais, logrou separar aos senadores dos tribunais poñendo no seu posto aos cabaleiros, **equites**.

Estas reformas, que non agradaron aos senadores, provocaron a morte dos seus impulsores. De feito, Tiberio Graco caeu asasinado no 133 a.C., e Caio Graco, uns anos despois, no 121 a.C.

- **As guerras civís durante a expansión por Oriente (séculos II e I a.C.)**

A partir destes asasinatos, a historia interna de Roma estivo marcada polas sucesivas guerras civís, provocadas polos enfrontamentos entre os partidos existentes nesta época: os populares e os conservadores (**optimātes***).

Mario e Sila, dous homes que obtiveron importantes triunfos nas guerras que Roma sostivo para ampliar os seus dominios, levaron a cidade á guerra civil pola súa rivalidade política ao liderar o primeiro o partido popular e Sila, o conservador. O resultado da loita favoreceu a Sila, pois Mario foi vencido e desterrado xunto aos seus colaboradores máis próximos.

Entón, Sila quixo restaurar a monarquía, e autoproclamouse ditador, exercendo o poder absoluto durante tres anos. Neste tempo repuxo aos senadores nos tribunais, e restou competencias aos tribunos da plebe. A pesar dos cambios introducidos, tivo que abdicar no 79 a.C. morrendo ao ano seguinte.

Tras uns anos de incerteza, outros dous personaxes irromperon con forza na vida política de Roma, Pompeio e César. Ao igual que Mario e Sila, eles tamén alcanzaran a fama entre os romanos polas súas vitorias nas guerras existentes fóra da Península Itálica. A diferenza dos anteriores, no ano 60 a.C., decidiron unirse e compartir o poder con Craso.

A nova fórmula de goberno, que recibiu o nome de triunvirato, funcionou nun principio. Non obstante, coa morte de Craso no ano 53 a.C., Pompeio e César protagonizaron varios enfrontamentos que, no ano 49 a.C., desembocaron nunha nova guerra civil.

Tras derrotar a Pompeio na batalla de Farsalia, César exerceu só o poder. Apoiado polo pobo, co que sintonizou rapidamente, tomou importantes decisións: distribuíu as terras, repartiu trigo entre o pobo, pero, sobre todo, introduciu no senado aos personaxes máis importantes das provincias.

Todo isto levouno a acumular poder. Por este motivo o senado, preocupado polo cariz dos acontecementos, e temeroso de que César restaurase a Monarquía e acabase coa República tan apreciada polos romanos, decidiu acabar coa súa vida. Así pois, nos **idus*** de marzo do ano 44 a.C. César morreu asasinado por un grupo de conspiradores do que formaba parte Bruto, que fora adoptado por César.

Paradoxalmente, coa súa morte non se volveu ao sistema de goberno republicano que valera para unha pequena cidade do Lacio, pero que non servía xa para unha Roma que se apoderara de grande parte do mundo. Coa desaparición de César iniciouse máis ben o final da República, pois fixéronse co poder Marco Antonio, Lépido e Octavio que repetiron a fórmula do triunvirato.

Ao igual que aconteceu no primeiro, un dos triunviros, Lépido, retirouse, deixando fronte a fronte a Marco Antonio e a Octavio Augusto. Coa morte do primeiro na batalla de Actium, Octavio Augusto exerceu só o poder. Con el comeza unha nova época, a do Imperio.

Realiza o apartado 1 das Actividades de repaso